

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, ESTRADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.



CAPÍTULO PRIMEIRO: FUNDAMENTO

ARTIGO 1: NATUREZA XURÍDICA

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 20 e seguintes do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CAPÍTULO SEGUNDO: FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito impoñible desta taxa o aproveitamento lucrativo das vías e terreos de uso público, mediante a ocupación do dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, estrados e outros elementos de natureza análoga.

2.- Enténdese comprendido no dominio público local todo ben inmueble de uso público ou destinado a servizo público, quedando, polo tanto, comprendido no feito impoñible todo inmueble que, aínda sendo de titularidade privada, se ache aberto ao libre uso público.

CAPÍTULO TERCEIRO: SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3: CONTRIBUÍNTES

1.- Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica propia que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, sempre que disfruten, utilicen ou aproveiten o dominio público local en beneficio particular.

2.- Enténdese que disfrutan, utilizan ou aproveitan o dominio público local, aqueles suxeitos pasivos aos que se lles outorgue ou conceda a licenza municipal de ocupación correspondente ou aqueles aos que beneficie de forma directa o aproveitamento, no caso de que se producise sen a oportuna autorización municipal previa.

ARTIGO 4: RESPONSABLES

Serán responsables solidarios e subsidiarios do cumprimento das obrigas tributarias polo suxeito pasivo, todas as persoas físicas e xurídicas definidas con tal carácter nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

CAPÍTULO CUARTO: DEVINDICACIÓN

ARTIGO 5: OBRIGA DE CONTRIBUÍR

A obriga de contribuír nacerá dende o momento en que existan ou se instalen nas vías públicas ou terreos abertos ao uso público de mesas, cadeiras, tribunas, estrados ou calquera outro elemento análogo, se solicitara e concedera a preceptiva licenza municipal de ocupación previamente ou non e se satisfixera previamente o importe da taxa ou non.

CAPÍTULO QUINTO: PERÍODO IMPOSITIVO

ARTIGO 6: PERÍODO IMPOSITIVO

O período impositivo comprenderá a tempada ou o tempo autorizado de ocupación do dominio público, no seu caso.

CAPÍTULO SEXTO: BASE IMPOÑIBLE

ARTIGO 7: BASE IMPOÑIBLE

Nos aproveitamentos da vía pública e parques e xardíns municipais con mesas, cadeiras, tribunas, estrados, toldos e demais elementos sombreadores e enreixados, sebes e outros elementos verticais análogos, tomarase como base a superficie ocupada por ditos elementos, computada en metros cadrados ou fracción.

ARTIGO 8: CATEGORÍAS DE VÍAS PÚBLICAS

1.- Para os efectos de determinación dos tipos aplicables, os viais do termo municipal clasifícanse en catro categorías, segundo se determina no índice de rúas que se incorpora como anexo á presente ordenanza fiscal.

2.- Cando algún vial de nova apertura non apareza expresamente comprendido no índice de rúas, será provisionalmente clasificado como de última categoría

3.- Cando algún vial cambie de denominación viaria, será provisionalmente clasificado como pertencente á categoría existente para dita vía pública até ese momento.

4.- Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas ou máis vías públicas clasificadas de distinta categoría, aplicarase a tarifa que corresponda á vía de superior categoría.

5.- Os parques, xardíns e devesas municipais quedan asimilados a vías de primeira categoría.

CAPÍTULO SÉTIMO: COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 9: COTA TRIBUTARIA

1.- As cotas tributarias que corresponda aboar polas modalidades de aproveitamento do dominio público local reguladas nesta ordenanza fiscal serán irreducibles polo período que se autorice.

2.- A cota tributaria determinarase segundo cantidade fixa, que estará en función da natureza do aproveitamento e da categoría vial, para toda ocupación con mesas, cadeiras, estrados e tribunas, de acordo cos seguintes grupos e escalas:

A) Mesas e cadeiras

OCUPACIÓN CON MESAS E CADEIRAS	Por mes/m2	Por tempada verán/m2	Por tempada inverno/m2	Por ano/m2
Rúas de 1ª categoría	9,80 €	31,50 €	18,20 €	45,50 €
Rúas de 2ª categoría	7,70 €	24,50 €	13,30 €	35,00 €
Rúas de 3ª categoría	4,90 €	16,10 €	9,10 €	21,00 €

Rúas de 4ª categoría	2,10 €	8,40 €	4,20 €	10,50 €
----------------------	--------	--------	--------	---------

B) Tribunas e estrados

OCUPACIÓN CON TRIBUNAS E ESTRADOS	Por día/mt2.	Por mes/mt2.
Rúas de primeira categoría	1,67 €	19,91 €
Rúas de segunda categoría	1,39 €	15,32 €
Rúas de terceira categoría	1,11 €	10,25 €
Rúas de cuarta categoría	0,83 €	5,14 €

Enténdese por estrados, para os efectos desta letra b), aqueles que non constitúan elementos separadores ou accesorios dunha ocupación principal realizada con mesas e cadeiras.

3.- Enténdese por tempada de verán a ocupación do dominio público local, mediante calquera das modalidades de aproveitamentos lucrativos regulados nesta ordenanza fiscal, polo período comprendido entre o día 1 de abril e o día 30 de outubro de cada ano, incluíndo o período semanal da Semana Santa.

Enténdese por tempada de inverno a ocupación do dominio público local, mediante calquera das modalidades de aproveitamentos lucrativos regulados nesta ordenanza fiscal, incluíndo o período comprendido entre o día 1 de novembro e o día 31 de marzo do ano seguinte, agás Semana Santa.

Enténdese por tempada anual a ocupación do dominio público local, mediante calquera das modalidades de aproveitamentos lucrativos regulados nesta ordenanza fiscal, durante a totalidade do ano natural, agás o mes de xaneiro.

4.- Cando se instalen toldos, parasoles ou calquera outro elemento que supoña aproveitamento do voo da vía pública, aínda que tivese lugar dentro da superficie delimitada por outras ocupacións, e independentemente da tarifa que por elas correspondese aplicar, recargaranse as contías que resulten da aplicación das tarifas previstas no apartado segundo deste artigo nun 20%

5.- A utilización de biombos, enreixados, sebes, plantas ou calquera outro elemento separador, en forma que resulte delimitada en liña vertical a zona total ou parcialmente ocupada con mesas e cadeiras, acharase exenta de calquera tipo de recarga adicional.

6.- Os aproveitamentos realizados en terreos ou bens patrimoniais de propiedade municipal pagarán como efectuados na vía de maior categoría coa que linden, pero a contía que resulte aboar, por aplicación do epígrafe correspondente, incrementarase nun 20%.

7.- Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.

CAPÍTULO OITAVO: BENEFICIOS FISCAIS

ARTIGO 10: EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que aquelas que, expresamente, establezan a normas con rango de lei ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

CAPÍTULO NOVENO: RECADACIÓN

ARTIGO 11: RÉXIME XURÍDICO

A recadación da taxa realizarase de acordo co previsto na Lei

58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas na súa aplicación e desenvolvemento, en especial o Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e nas ordenanzas fiscais xerais que, en materia de recadación, puidesen ser aprobadas por este concello.

ARTIGO 12: PAGAMENTO

1.- A obriga de pagamento da taxa que se regula a través da presente ordenanza fiscal nace no momento de solicitar a correspondente licenza, efectuándose liquidación, nese momento, pola Tesouraría municipal.

2.- O pagamento das cantidades que correspondan realizarase mediante o aboamento directo na Tesouraría municipal ou no lugar que estableza para os efectos o concello.

3.- O non pagamento da taxa dará lugar ao inicio da vía executiva, sendo esixible pola vía de constrinximento, de conformidade co disposto no Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

ARTIGO 13: DEVOLUCIÓNS

1.- Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público local non se realice, procederá a devolución correspondente do importe satisfeito.

2.- Para os efectos previstos no apartado anterior, así como no caso de denegación da licenza, o suxeito pasivo presentará solicitude de devolución nas dependencias municipais, detallando as circunstancias concorrentes, sendo resolto por resolución do órgano municipal competente, previos os informes oportunos.

ARTIGO 14: INSPECCION

A inspección da taxa realizarase de acordo co previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas na súa aplicación e desenvolvemento, en especial o Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección de tributos e nas ordenanzas fiscais xerais que en materia de inspección, puidese aprobar este concello.

ARTIGO 15: COMUNICACIÓNS

1.- Todo suxeito pasivo ten o deber e a obriga de declarar os cambios que se produzan no uso e disfrute do aproveitamento, sexa relativo ao espazo de ocupación como ao seu tipo, e na titularidade da finca, local ou establecemento a que, no seu caso, servisen, así como o remate anticipado do disfrute do aproveitamento e demais circunstancias fiscalmente relevantes en orde ás taxas que procedan.

2.- O incumprimento deste deber considerarase infracción tributaria grave nos termos do disposto nos artigos 191 e 192 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

CAPÍTULO DÉCIMO: INFRACCIÓN E SANCIÓN

ARTIGO 16: RÉXIME SANCIONADOR

En todo o relativo ás infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que lles correspondan, aplicarase o disposto na vixente Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas na súa aplicación e desenvolvemento, en especial o Real decreto 1930/1998, do 11 de setembro, polo que se desenvolve o réxime sancionador tributario e o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade

sancionadora, así como nas ordenanzas fiscais xerais que, en materia de infraccións e sancións, puidese aprobar este concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

1.- Para todo o non expresamente regulado na presente ordenanza fiscal en orde á xestión municipal deste tributo, estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como na restante normativa e demais disposicións complementarias e concordantes, ditadas na súa aplicación e desenvolvemento.

2.- Toda referencia realizada nesta ordenanza fiscal a leis e demais disposicións estatais ou autonómicas entenderanse efectuadas, igualmente, ás que, no seu caso, as substitúan ou modifiquen.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

As disposicións desta ordenanza fiscal só serán aplicables ás solicitudes de ocupación do dominio público local que se efectúen ou ás ocupacións sen licenza realizadas con posterioridade á data da súa entrada en vigor, rexéndose, mentres, pola normativa anteriormente vixente e que, por esta ordenanza, se derroga.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

A modificación operada no artigo 9 da presente ordenanza fiscal xurdirá efectos para todos os expedientes de solicitude de licenzas iniciados con posterioridade á data de aprobación definitiva da

modificación.

Os titulares ou interesados nos expedientes de solicitude de licenzas, que se realicen para a tempada do ano 2015, nos termos do artigo 9.3 desta ordenanza fiscal, e que se iniciaran con anterioridade á data de aprobación definitiva da modificación, terán dereito a solicitar a aplicación dunha bonificación equivalente á diferenza existente entre a cota total satisfeita no seu día e a cota total a satisfacer resultante da aplicación das novas tarifas, e a instar a devolución de ditas cantidades con prazo máximo até o 31 de decembro de 2015.

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

1.- Queda derrogado o texto da anterior Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante a ocupación con mesas, cadeiras, tribunas, estrados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, aprobado polo Pleno deste concello e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense número 129 de data 7 de xuño de 2012.

2.- Igualmente, quedan derrogadas cantas outras normas ou disposicións que se achen vixentes e que se opoñan ou que, de calquera outro modo, contradigan o disposto na presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓNS FINAIS

ENTRADA EN VIGOR

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación

expresas e será de aplicación a partir do día seguinte de dita publicación.

ANEXO I

ÍNDICE ALFABÉTICO DE VÍAS PÚBLICAS

Número de orde	Denominación da vía pública	Categoría
1	Aduana, Rúa	4ª
2	Alameda, Rúa	2ª
3	Alameda, Praza	2ª
4	Amaro Refojo, Rúa	2ª
5	Antonio Fernández Pérez, Rúa	4ª
6	As Tapadas, Camiño	4ª
7	As Tuelas, Camiño	4ª
8	Cabreiroá, Estrada (até Rúa da Glorieta)	3ª
9	Cabreiroá, Estrada (resto)	4ª
10	Cancelón, Rúa	2ª
11	Canella Cega, Rúa (até Rúa Manuel Taboada Cid)	2ª
12	Canella Cega, Rúa (dende Rúa Manuel Taboada Cid até rotonda con Rúa Espido)	3ª
13	Canella Cega, Rúa (resto)	4ª
14	Castelao, Rúa (até cruce con Rúa Vicente Risco)	3ª
15	Castelao, Rúa (resto)	4ª
16	Castilla, Avenida (até o nº 155)	3ª

17	Castilla, Avenida (resto)	4ª
18	Castro, Rúa do	2ª
19	Colón, Rúa	1ª
20	Concello, Praza do	1ª
21	Concello, Travesía do	2ª
22	Concepción Arenal, Rúa	4ª
23	Constitución, Rúa	2ª
24	Coutos, Camiño Os	4ª
25	Cruz, Rúa	2ª
26	Cuartel, Rúa	4ª
27	Costa, Rúa	4ª
28	Curros Enríquez, Rúa	4ª
29	Deputación, Rúa	1ª
30	Eduardo Pondal, Rúa	4ª
31	Elle, Rúa	3ª
32	Elle, Travesía de	3ª
33	Eloy Luis André, Rúa	4ª
34	Elvira Carrera, Rúa	4ª
35	Espido, Rúa (até Rúa Cancelón)	2ª
36	Espido, Rúa (dende Rúa Cancelón até rotonda con Canella Cega)	3ª
37	Espido, Travesía	4ª
38	Flores, Rúa das	2ª
39	Fonte do Sapo	4ª
40	Fontenova, Camiño de	4ª
41	Fontenova, Camiño Vello de	4ª

42	Foxo, Rúa O	4ª
43	Galicia, Rúa	2ª
44	García Barbón, Praza	1ª
45	Glorieta, Rúa da	4ª
46	Irmáns Fernández Álvarez, Rúa	2ª
47	Irmáns La Salle, Rúa	2ª
48	Irmáns Moreno, Rúa	1ª
49	José Santamarina, Rúa	1ª
50	José Tresguerras Melo, Rúa	4ª
51	Juan Guerra Valdés, Rúa	2ª
52	Lamas Carvajal, Rúa	4ª
53	Laureano Peláez, Rúa	1ª
54	Laza, Avenida de (dende cruce Rúa Rosalía de Castro até cruce con Rúa Elvira Carrera)	2ª
55	Laza, Avenida de (dende cruce con Rúa Elvira Carrera até Asilo de Ancianos)	3ª
56	Laza, Estrada de (dende Asilo de Ancianos até fin do núcleo de Verín)	4ª
57	Lisa, Rúa	1ª
58	Luis Espada, Avenida (dende cruce con Avenida de Castilla até cruce con Rúa Santiago Rodríguez)	1ª
59	Luis Espada, Avenida (resto até Rúa Santiago Rodríguez)	2ª
60	Ladairo, Rúa	1ª
61	Manuel Taboada Cid, Rúa	3ª

62	Marbana, Rúa	4ª
63	Mariano Carrero, Rúa	3ª
64	Maior, Rúa	2ª
65	Maior, Praza	1ª
66	Mercado Comarcal, Rúa	4ª
67	Mercado Comarcal, Acceso norte	4ª
68	Mercado Comarcal, Acceso leste	4ª
69	Mercé, Rúa	2ª
70	Mercé, Praza	1ª
71	Montemaior, Rúa	1ª
72	Muralla, Rúa	3ª
73	Olivar, Rúa	4ª
74	Ourense, Rúa	3ª
75	Outeiro, Rúa	4ª
76	Otero Pedrayo, Rúa	4ª
77	Pedro González Prada, Rúa	1ª
78	Polideportivo, Rúa	4ª
79	Portugal, Avenida de (até cruce con Rúa Constitución)	1ª
80	Portugal, Avenida de (dende Rúa Constitución até o nº 96)	2ª
81	Portugal, Avenida de (dende o nº 96 até o cruce con Rúa Eloy Luis André)	3ª
82	Portugal, Estrada (resto)	4ª
83	Pozo, Rúa do	4ª
84	Queizás, Camiño de	4ª
85	Rasela, Camiño A	4ª

86	Remedios, Rúa dos	1ª
87	Ribeira do Támea	3ª
88	Río, Camiño do	4ª
89	Río Búbal, Rúa	4ª
90	Río Camba, Rúa	4ª
92	Río Límia, Rúa	4ª
93	Río Mente, Rúa	4ª
94	Río Támea, Rúa	4ª
95	Rosalía de Castro, Rúa (até o nº 13)	2ª
96	Rosalía de Castro, Rúa (resto)	4ª
97	Salvador de Madariaga, Rúa	4ª
98	San Antón, Rúa (até cruce con Rúa San Rosendo)	3ª
99	San Antón, Rúa (resto)	4ª
100	San Blas, Rúa	4ª
101	San Félix, Rúa	4ª
102	San Gregorio, Rúa	4ª
103	San Lázaro, Avenida (até as oficinas de Tráfico)	3ª
104	San Lázaro, Avenida (resto)	4ª
105	San Lázaro, Canellón	4ª
106	San Pedro, Rúa	4ª
107	San Roque, Rúa	3ª
108	San Rosendo, Rúa	4ª
109	Santiago Apóstol, Rúa	4ª
110	Santiago Rodríguez, Rúa	3ª
111	Sousas, Avenida de (até o	3ª

	Balneario de Sousas)	
112	Sousas, Avenida de (resto)	4ª
113	Sousas, Camiño Vello de (até Rúa Travesía)	3ª
114	Sousas, Camiño Vello de (resto)	4ª
115	Sousas, Travesía de	2ª
116	Silvio Santiago, Rúa	4ª
117	Subida a Monterrey, Rúa	4ª
118	Támega, Paseo do	2ª
119	Travesía, Rúa (até Rúa do Castro)	2ª
120	Travesía, Rúa (resto)	4ª
121	Traviesa, Rúa	4ª
122	Vences, Estrada de	4ª
123	Veiga, Travesía da	3ª
124	Vicente Risco, Rúa	4ª
125	Viriato, Rúa	3ª
126	Xesús Taboada Chivite, Rúa	4ª
127	Resto rúas de Verín (núcleo urbano)	4ª
128	Rúas de Feces de Abaixo (núcleo urbano)	3ª
129	Rúas de Pazos (núcleo urbano)	3ª
130	Resto de núcleos rurais do municipio (núcleo urbano)	4ª

ANEXO II

PROMEDIO VALOR DE MERCADO POR M2

O promedio do valor de mercado da utilidade que se deriva pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, de acordo coa valoración efectuada polos servizos técnicos municipais, é o seguinte:

RÚA	VALORACIÓN DE MERCADO DA UTILIDADE		
Categoría	Ano	Mes	Día
Primeira	600,00 €	50,00 €	1,67 €
Segunda	500,00 €	41,67 €	1,39 €
Terceira	400,00 €	33,33 €	1,11 €
Cuarta	300,00 €	25,00 €	0,83 €

O alcalde: Juan Manuel Jiménez Morán

A secretaria: Pilar del Carmen Saborido Díaz